

O gato Fubuki

Había unha vez un gato que se chamaba Fubuki. Era todo branco e tiña uns ollos azuis moi bonitos. Vivía nunha casa pequena con unha familia que o quería moito.

Un día Fubuki decidiu explorar o xardín porque sempre tiña curiosidade de saber que había alí fóra. Saltou pola ventá e empezou a camiñar entre as flores. De repente viu un paxaro e intentou cazalo pero o paxaro voou moi rápido e Fubuki case cae ao rego jaja.

Despois atopou unha bolboreta moi colorida e empezou a perseguila por todo o xardín. Correu e correu ata que se cansou. Cando parou viu que xa era de noite e estaba lonxe de casa. Sentíase un pouco asustado.

Pero entón escoitou a voz da súa dona que o chamaba "Fubuki! Fubuki!". El empezou a maullar moi forte e correu cara a casa. Cando chegou a súa dona abrazóuno e deunlle un premio.

Dende ese día Fubuki segue explorando o xardín pero sempre volve a casa antes de que sexa de noite.

FIN

Conto realizado por Lucía Cando e Inés Barceló